



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 27 DE  
DECEMBRO DE 2010**

**LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA**

**TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUIZ FERRO

Concelleira  
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO  
Concelleiro.

CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS  
Concelleiro

FALTAN:

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS  
Concelleira do PSdeG – PSOE

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO  
Concelleira do PP

D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ  
Concelleiro non adscrito.

SECRETARIA

Dona MARTA CAJIDE BARBEITO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA.-**

<b>1º.-</b>	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO A ALEGACIÓNS CONTRA O ACORDO PLENARIO DO 04-11-10 DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL.
<b>2º.-</b>	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2009, LOGO DE PERÍODO DE ALEGACIÓNS.
<b>3º.-</b>	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE 02-12-10 (PUNTO 8º DA ORDE DO DÍA)

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA.-**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO A ALEGACIÓNS CONTRA O ACORDO PLENARIO DO 04-11-10 DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL.** Pola

secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas celebrada en data 22 de decembro de 2010 que transcrito literalmente di:

**“ 3. Alegacións contra o acordo plenario do 4-11-2010, de aprobación provisional da imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.**

.....  
*Deliberado sobre o particular e sometido o asunto a votación, prodúcense os seguintes votos: catro e un medio a favor (B.N.G., P.S. de G.-PSOE e un concelleiro non adscrito) e dúas abstencións (P.P.), polo que se dictamina favorablemente e se eleva ao Pleno a seguinte*

**PROPOSTA DE ACORDO**

*Primeiro: Desestímase as alegacións presentadas pola Asociación de Operadores de Telecomunicaciones contra o acordo plenario do 4 de novembro de 2010, de aprobación provisional da imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.*

*Segundo: Apróbase definitivamente a imposición e ordenación referidas no parágrafo anterior consonte ao texto fixado na sesión plenaria do 4 de novembro de 2010.*

Sometido o asunto a votación, apróbase o ditame por unanimidade e adóptanse os seguintes **acordos:**

Primeiro: Desestímase as alegacións presentadas pola Asociación de Operadores de Telecomunicaciones contra o acordo plenario do 4 de novembro de 2010, de aprobación provisional da imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

Segundo: Apróbase definitivamente a imposición e ordenación referidas no parágrafo anterior consonte ao texto fixado na sesión plenaria do 4 de novembro de 2010.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2009, LOGO DE PERÍODO DE ALEGACIÓN.** Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas celebrada en data 22 de decembro de 2010 que transcrito literalmente di:

**“4. Aprobación da Conta Xeral, 2009, logo do período de alegacións.-** Co obxecto de completar o procedemento establecido no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a señora Ruíz Ferro expón a necesidade de elevar ao Pleno o expediente da conta ditaminada favorablemente o 2 de novembro último, unha vez que se constatou a inexistencia de reparos ou observacións no prazo anunciado para ese fin no Boletín Oficial da Provincia nº 216, do 10-11-2010.

*Sen máis intervencións, a presidenta formula proposta de ratificación do ditame favorable da Conta xeral do orzamento de 2009, e así se acepta por unanimidade.*

Sometido o asunto a votación, apróbase o ditame por unanimidade e adóptase o seguinte **acordo:**

Aprobar definitivamente o expediente da Conta Xeral 2009 ditaminada favorablemente o 2 de novembro último, unha vez que se constatou a inexistencia de reparos ou observacións no prazo anunciado para ese fin no Boletín Oficial da Provincia nº 216, do 10-11-2010.

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS RELATIVO Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE 02-12-10 (PUNTO 8º DA ORDE DO DÍA)** Pola secretaria,

dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas celebrada en data 22 de decembro de 2010 que transcrito literalmente di:

**“ 5. Proposta de rectificación de erro material en acordo plenario.-** A señora Ruiz Ferro pon de manifesto o informe de Intervención a cerca dun erro de transcripción no ditame da comisión informativa do 25 de novembro último que afectou ao acordo aprobatorio do expediente nº 1/2010 de recoñecemento extraxudicial de créditos, o que procede corrixir consonte ao disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Sometido o asunto a votación ditamínase favorablemente por unanimidade e elévase ao Pleno a seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDO

Rectifícase o acordo do Pleno do Concello do 2 de decembro de 2010 de aprobación do expediente nº 1/2010 de recoñecemento extraxudicial de créditos, eliminándose as duplicidades advertidas nas gratificacións por traballos realizados fóra do horario habitual do persoal funcionario, que quedan como segue:

DESCRIPCIÓN	TERCEIRO	IMPORTE €	PARTIDA
Novembro / 09	Santiago Campos Villaverde	198,09	132.151.00
Decembro / 09	Aurelio Fernández Bascuas	243,31	132.151.00
Decembro / 09	Francisco Javier Pereiras Clemente	113,22	162.151.00
Decembro / 09	Francisco Barcala Calvo	88,02	320.151.00
Decembro / 09	Manuel Calviño Villar	452,88	340.151.00
Decembro / 09	José Balboa Barros	509,49	340.151.00
Decembro / 09	Antonio Arís Barreiro	75,48	161.1.151.00
Decembro / 09	Manuel Sanmartín Rivadulla	29,34	450.0.151.00
<b>TOTAL</b>		<b>1.709,83</b>	

Sometido o asunto a votación, apróbbase o ditame por unanimidade e adóptase o seguinte **acordo**:

Rectificar o acordo do Pleno do Concello do 2 de decembro de 2010 de aprobación do expediente nº 1/2010 de recoñecemento extraxudicial de créditos, eliminándose as duplicidades advertidas nas gratificacións por traballos realizados fóra do horario habitual do persoal funcionario, que quedan como segue:

DESCRIPCIÓN	TERCEIRO	IMPORTE €	PARTIDA
Novembro / 09	Santiago Campos Villaverde	198,09	132.151.00
Decembro / 09	Aurelio Fernández Bascuas	243,31	132.151.00
Decembro / 09	Francisco Javier Pereiras Clemente	113,22	162.151.00
Decembro / 09	Francisco Barcala Calvo	88,02	320.151.00
Decembro / 09	Manuel Calviño Villar	452,88	340.151.00
Decembro / 09	José Balboa Barros	509,49	340.151.00
Decembro / 09	Antonio Arís Barreiro	75,48	161.1.151.00
Decembro / 09	Manuel Sanmartín Rivadulla	29,34	450.0.151.00
<b>TOTAL</b>		<b>1.709,83</b>	

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte horas e corenta e cinco minutos

A Estrada, 27 de decembro de 2010

A secretaria

Asdo.: Marta Cajide Barbeito